



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE ARES PARA O AUXILIO E COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE ARES NO SEU CONXUNTO E A ORDENACIÓN DO TRAFICO NO VIAL DE ACCESO

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2021

Dunha parte, Susana Lenguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial EPE Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra parte, D Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares , con domicilio aos efectos deste convenio na Av. Saavedra Meneses, 12, 15624, Ares (A Coruña) facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

A entidade pública Portos de Galicia dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia segundo o artigo 8 da súa Lei 6/2017, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Con este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos e en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia, así como a ordenación e instrumentación dos sistemas de interconexión dos portos coas vilas.

O Ente Público Portos de Galicia, á procura da máxima integración posible entre as infraestruturas porto-cidade que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha boa urbanización, ven realizando obras de integración urbanística no porto de Ares.

O concello de Ares, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento está interesado na vixilancia das instalacións portuarias no seu conxunto e a ordenación do tráfico no vial de acceso ao porto de Ares, en beneficio da poboación concentrada no entorno do porto, o que suporá a mellora da funcionalidade do inmovible na interacción porto- cidade.

O porto de Ares constitúe tamén unha unidade funcional que desenvolve unha función de acceso a determinadas zonas da vila de Ares, e que esta dotado dun tratamento do viario que integra ó tráfico (peonil e motorizado), e que supón unha zona de interconexión do porto coa vila.



A función engadida da zona do porto obxecto deste convenio de servir de solución de continuidade entre a vila e o porto permite o seu uso aberto ó público e á cidade, englobando zonas de paseo así como de recreo.

As razóns deste interese común das partes deriva da circunstancia de que como tamén se produce noutros portos, debido á singular configuración da fronte portuario-urbana das vilas da costa galega, no porto de Ares concorre unha intensa interferencia entre a zona portuaria e a vila, de xeito que as vías e espazos portuarios de acceso ao porto de Ares serven de viario á vila, dándose unha grande interdependencia polo que se presenta unha demanda de acondicionamento da zona de interfaz porto-vila; necesidade que se ve incrementada pola elevada afluencia de visitantes nas épocas de vacacións. Iso produce ás veces, carencias que ao tempo que repercuten na actividade portuaria, afectan ao desenvolvemento de actividades urbanas e turísticas (que de por si teñen relevante pulo no Concello) nesta zona de interconexión de xeito que se mestura tanto na zona portuaria como na urbana, tráfico que deriva do porto ou da vila, indistintamente.

En definitiva os accesos e da adecuación do tránsito e o uso público na zona portuaria, supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que as actuacións levadas a cabo, así como as que no futuro se executen, reverten positivamente tanto no Ente Público Portos de Galicia como no Concello de Ares.

Por outra parte, dado que en determinadas zonas do porto de Ares, pola súa funcionalidade están abertas ó público en xeral, Portos de Galicia e o Concello de Ares teñen interese en estreitar a ordenación de tráfico e a vixilancia nesas áreas e no conxunto do recinto portuario.

Xa que logo, ámbalas dúas Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á vixilancia e control do tráfico das referidas instalacións, e formalizan o presente convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Ares e o Ente Público Portos de Galicia no que atinxe ao auxilio na vixilancia policial e a ordenación do tráfico rodado no espazo de zona portuaria que se sinala no plano anexo, que forman parte do dominio público portuario.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE ARES-

O Concello de Ares comprométese a prestar auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións portuarias no seu conxunto, denunciando ante a Entidade Pública as posibles infraccións portuarias, para o que remitirá en tempo e forma a Portos de Galicia os correspondentes boletíns de denuncia debidamente cumprimentados por axente de autoridade, e a ordenar o tráfico no espazo de zona portuaria que se identifica en plano anexo, retirando os vehículos que infrinxan as normas de circulación por medio do servizo de grúa municipal, e sen que isto implique cesión competencial ou patrimonial de ningún tipo, manténdose prevalentemente tódalas facultades que pola súa condición de dominio público portuario ostenta Portos de Galicia, sobre as instalacións obxecto deste convenio, especialmente a facultade sancionadora en materia de tráfico e ordenación e control da circulación vial no espazo portuario

O Concello de Ares realizará estas funcións durante todo o ano e as 24 horas do día.



O Concello de Ares comprométese tamén ao aboamento de tódolos gastos derivados do normal uso e funcionamento das instalacións obxecto deste convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA.-

O Ente Público EPE Portos de Galicia compromete as seguintes obrigas:

1. A autorizar a intervención nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento, segundo plano anexo ao mesmo, ao Concello de Ares, sen que esta autorización implique a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de EPE Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.
2. Autorizar o uso mestro porto-cidade dá zona obxecto deste convenio, que serán de uso aberto.
3. Autorizar así mesmo o acceso libre e permanente do persoal do Concello de Ares ao que corresponda os traballos destinados ao cumprimento das obrigas do Concello conforme á cláusula segunda deste convenio, así como do persoal das contratas municipais que, de selo caso presten servizos ao Concello para cumprir estas obrigas. Este acceso farase baixo responsabilidade exclusiva do Concello de Ares.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Dentro do prazo de quince días a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuación que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais, dous nomeados polo Concello de Ares, e dous nomeados pola EPE Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento da EPE Portos de Galicia recae no Xefe de Zona Norte de EPE Portos de Galicia e no celador gardapeiraos do porto de Ares.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo



obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscrición do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1. Fronte a terceiros: Considerando os riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, respecto dos danos que se deriven a terceiros polo incumprimento do estándar de calidade dos servizos que presta a zona portuaria obxecto deste convenio e das obrigas que asumen por medio deste, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Ares, responderán solidariamente fronte ao particular, e internamente entre as partes, en primeiro lugar o Concello e subsidiariamente a EPE Portos de Galicia, individualizándose a indemnización que deriva da responsabilidade segundo a imputabilidade do incumprimento a unha ou outra parte.
2. A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
3. Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Ares terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

SETIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Ares e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.
2. Serán causas de extinción do convenio:



- a. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- b. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- c. O acordo mutuo de todos os asinantes.
- d. O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- e. E explotación económica da zona portuaria afectada por este convenio, por calquera título levada a cabo polo Concello, conforme causa especial de resolución establecida na cláusula terceira, punto 1, letra e) deste convenio.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa levará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- f. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- g. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3. No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Ares antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.
- No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.



- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.
 - O Concello de Ares resolverá a cesión demanial acordada a favor de EPE Portos de Galicia, cesando a afectación dos bens de titularidade municipal ao servizo público portuario coa subscripción da correspondente acta.
4. Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, no que resulte compatible coa específica natureza do convenio de acordo co artigo 55 da dita lei portuaria 6/2017, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta Lei 6/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

DECIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia polo tempo de 4 (catro) anos, que poderá ser obxecto de prórroga expresa por outros 4 anos, agás denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, no prazo de tres meses antes da súa finalización.

Esta vixencia computarase dende a data de sinatura pola última parte en realizala.

DECIMO PRIMEIRA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

**A PRESIDENTA DA ENTIDADE PÚBLICA
EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA,**

**O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE
ARES**

Susana Lenguas Gil

Julio Ignacio Iglesias Redondo